

Propostas Novas Xeracións



preparados, listos...

Xa



I Convención Rexional
Novas Xeracións de Galicia

A Guarda 29-30 setembro de 2007



ÍNDICE

INTRODUCCIÓN-----páx. 3

INFRAESTRUCTURAS-----páx. 4

SEGURIDADE VIARIA-----páx. 7

MEDIO AMBIENTE-----páx. 10

EMPREGO-----páx. 14

VIVENDA-----páx. 17

ENSINO-----páx. 19

BENESTAR E IGUALDADE-----páx. 21

INTRODUCCIÓN.

Preparados... listos... xa!, a Convención anual de Novas Xeracións de Galicia, naceu co obxectivo de xerar propostas de cara as vindeiras eleccións xerais.

Os mozos de Novas Xeracións de Galicia e de diferentes entidades do tecido asociativo galego tivemos a ben reunirmos nestas xornadas para abrir a posibilidade de participar á mocidade dos seus propios problemas e sumar o máximo número de xente ó proxecto popular de cara a liderar un futuro en Galicia cargado de ilusións cumpridas e aunar as voces discordantes da sociedade co Bigoberno, así como o desalento que nos supón estar gobernados por Rodríguez Zapatero.

Coa esperanza posta en que o futuro Presidente do goberno sexa Mariano Rajoy, unha vez rematadas as sesións de traballo facemos entrega ó Partido Popular deste documento de iniciativas políticas destinadas á mocidade para que se poidan facer realidade a partires da próxima lexislatura.


Novas Xeracións interesase polas políticas integrais de xuventude, así cremos que á mocidade importanlle as políticas que xeralmente non se lle atribúen por parte dos gobernos socialistas ou nacionalistas. Queremos reflexar neste documento o sentir, as preocupacións dos xoves, que van desde a formación, o ensino, o emprego ou a vivenda ate as infraestructuras, o medio ambiente e a igualdade e o benestar social.


Somos coñecedores de que nunha sociedade como a española non caben nin titubeos nin demoras, os mozos e mozas de Galicia esixen cada día máis e millores recursos para o desenvolvemento do seu futuro e estas propostas son fiel reflexo das súas inxerencias, conscientes de que co Partido Popular poderán chegar a ser realidades cumpridas.


INFRAESTRUCTURAS.


Nun mundo cada vez máis interconectado, as comunicacións dentro das diferentes vilas, así como co territorio que as rodea, se nos antoxa fundamental. Un transporte público verdadeiramente cómodo e ecolóxico, que se adapte ás necesidades dos usuarios e os invite a súa masiva utilización, contribuíndo á descoxestión dos centros urbáns, convértese nun elemento do que non podemos prescindir.

As seguintes propostas se encamiñan a acadar unha comunicación fluida, áxil e realmente útil para o cidadán, que se adapten ós novos tempos e fagan da nosa terra un lugar importante neste mundo global.

 **Transporte de conexión cos aeroportos:** Líneas de autobuses ou incluso conexións ferroviarias que comuniquen directamente os principais núcleos de poboación cos aeroportos da comunidade.


 **Creación da Xefatura de cercanías:** como paso previo para a necesaria implantación do tren de cercanías. Os presupostos actuais non contemplan nin un só euro para este fin.


 **Ley de Ferrocarrís e Ente Ferroviario Galego:** Ente que xa existe noutras comunidades e que coordina o estudo das necesidades específicas de Galicia (cosa que non fai o Ministerio de Fomento)


 **Tren de cercanías:** Implantación ou potenciación do transporte de cercanías nas áreas metropolitanas. Especialmente fomentando a conexión das cidades con campus universitarios e os seus arredores.

 **Implantación dun transporte metropolitano de calidade:** Das sete grandes cidades de Galicia, só catro delas contan cun transporte público.

E imprescindible a progresiva implantación deste servizo así como unha mellora sustancial do mesmo.


 **Servicio informatizado de avisos de transporte:** Un servicio de información mediante sms que permita, mandando o número de parada, saber canto tempo tardará en pasar o próximo transporte.


 **Normativa e planificación para os transportes urbanos:** Modelo de xestión dos transportes nas áreas urbanas que permita a coordinación de todos esos transportes.


 **Posibilidade de implantar nas grandes cidades o metrobús:** Un servicio de autobuses que contén un carril propio dentro das cidades.


Deste xeito asegúrase a puntualidade e calidade do mesmo, e se anima a xente a utilizálo.

Unha serie de liñas principais que cosen a cidade e complementan o servicio dos outros transportes.

 **Estacións como centros intercambiadores:** Estacións de autobuses e ferrocarris como centros de intercambio e conexión dos distintos transportes urbanos.

 **Novos autobuses ecolóxicos:** Frotas de autobuses adaptadas ós tempos actuais. Isto é, buses que substitúan progresivamente ós que circulan na actualidade, e dotados de medidas de seguridade como cámaras de visión traseira e alarma sonora de marcha atrás, así como de plataformas que permitan o acceso de anciáns e minusválidos.

 **Implantación do billete único:** Non só válido para a rede urbana de autobuses, senón un único billete que permita o trasbordo entre os diferentes transportes que operan na cidade. Podería facilitar tamén o cambio do tren ó bus urbano nos casos de estudantes que se despracen diariamente dunha cidade a outra para cursar os seus estudos.

 **Medidas para unha política tarifaria homoxénea :** accesible e proporcionada para os cidadáns.

Creación dun fondo de compensación dos peaxes, que evite casos como os de determinadas autopistas nos que dependendo de onde veñas tes os peaxes subvencionados e cuxas tarifas suben por riba do IPC anual (por exemplo o tramo Santiago – Lalín que é un dos máis caros de España)



Descontos por habitualidade: Bonos ou descontos nos peaxes polos que se circula habitualmente.

Tomamos como exemplo a AP-41 entre Madrid e Toledo hai descontos de hasta un 50% para mozos e maiores, ou incluso a completa eliminación das tarifas entre a 1 e as 5 de mañán.



Creación dun Bono Xoven para o transporte público: Posibilidade de que funcione como un tarxeta monedeiro que facilite a compra automática dos billetes. s como exemplo a AP-41 entre Madrid e Toledo hai descontos de hasta un 50% para mozos e maiores, ou incluso a completa eliminación das tarifas entre a 1 e as 5 de mañán.



Aparcamentos disuasorios: Bolsas de aparcamento nas aforas conectadas co centro da cidade mediante servizos gratuitos de “navettes” que permitan desconxestionar o tráfico no casco urbán.



Fomentar a aplicación de transportes públicos alternativos: Bicis de aluguer, pequenos ciclomotores, etc. que permitan un transporte público máis libre.

Para isto crearanse redes de paradas en distintos emprazamentos, onde o usuario poseedor dun carné poida acceder a elas.

Cada vehículo está equipado cun localizador e o usuario se fai responsable del ata que o devolve en calquera outro aparcamento da cidade.



Transporte a demanda: na actualidade funciona de forma experimental co nome de “Tes máis bus”. Consiste na utilización por parte dos veciños do transporte escolar nas áreas rurais aproveitando os seus trayectos.




Creación de carris bici e aparcamentos habilitados: Que conecten as poboacións cos distintos centros formativos e universitarios, así como coas estacións de bus e tren, praias, centros deportivos, etc. e en xeral con todos aqueles puntos onde se poida prever unha importante asistencia de xente moza.




SEGURIDADE VIARIA.


O constante tránsito de personas, materiais entre os diferentes puntos, fai do estado das vías de comunicación e da súa seguridade un aspecto de capital importancia. O elevadísimo número de sinistros e a inxente cantidade de cidadáns que cada ano perden a vida nas nosas estradas non responden só á impericia ou imprudencia dos conductores. Numerosas medidas de sinxela aplicación, así como unha educación viaria adecuada, contribuirían a diminuír considerablemente esta lacra que nos afecta.


 **Doble barreira en quitamedos:** É necesario eliminar os quitamedos con perfís metálicos cortantes por outros cun deseño e material que non provoque mutilacións en caso de accidente.

Para isto acordarase un prazo para a eliminación ou substitución destes quitamedos nas estradas antigas ó tempo que se obrigará á utilización destes quitamedos en todas as novas vías que se constrúan.


 **Sustitución de luminarias de carretera:** As farolas que hai actualmente nas estradas españolas, teñen unha gran rixidez e se empotran no vehículo convertíndose en trampas mortais en caso de choque.


Débese proceder á substitución destas por outras de fibra de vidro que se rompen (pasando por riba do coche) ó ser arroladas.


 **Utilización de pinturas antideslizantes e substitución de tapas de alcantarilla por outras menos resbaladizas:** As pinturas empregadas para a sinalización das estradas e os pasos de cebra, así como as tapas metálicas das alcantarilas, convértense en prateiras de patinaxe cando chove un pouco, sendo un verdadeiro perigo especialmente para bicis e motocicletas.


 **Eliminación de badens:** Os coloquialmente chamados “gardas civís tumbados” que se colocan nalgúns zonas para obrigalo conductor a diminuír a velocidade, resultan moi perigosos

cando se circula en moto. Un simple cambio de pavimento por un máis “incómodo” (adoquines por exemplo) conseguiría o mesmo efecto sen poñer en risco o conductor.

 **Pasos de cebra a nivel:** Dentro das nosas cidades, debería prevalecer o peón sobre o vehículo; seguindo esta premisa parece claro que os pasos de cebra debeíran situarse ó nivel do peón, é dicir, ó nivel das beirarúas e non ó del vehículo (calzada) como sucede actualmente. Desta forma se consegue tamén unha diminución da velocidade de circulación.

 **Cambio de pavimento nas aceras:** Xusto antes dos puntos de cruce, un pavimento cunha textura diferente, permite apreciálo en caso de ir despistado, ó tempo que favorece a identificación por parte das persoas invidentes.

 **Semáforos con alarma sonora:** Mediante un sonido avisan da dispoñibilidade do peón a cruzar e permiten saber ós invidentes cando o tráfico se encontra detido.


 **Cursos de conducción segura:** Impartidos por especialistas que ensinan ó conductor cómo comportarse en situación de risco ou imprevisto.

Programas como o Conducción Segura ou o Agora Moto.

Cabe mesmo a posibilidade de estudar a súa implantación nas propias autoescolas.

 **Cursos de adaptación a ciclomotores:** A lexislación vixente permite conducir motocicletas de hasta 125 cc co carné B1.

A conducción destes vehículos non se asemella en nada á conducción dun coche, polo que xurde a necesidade de formar ós conductores no manexo das súas motocicletas.

 **Posibilidade de limitar a potencia dos automóviles:** como se fai nas motos (nas que ó sacar o carné tes que cumprir dous anos sen conducir vehículos de máis de 250 cc) podería limitarse a potencia máxima dos vehículos que poden conducir os conductores noveles, para aumentala progresivamente coa experiencia.

Esto conlevaría unha diminución nos custos dos seguros dos xóvenes.



Charlas divulgativas de seguridade viaria: Charlas desenroladas en diferentes centros (escolas, colexios, asociacións de veciños...) orientadas fundamentalmente ós mozos e á súa educación viaria.



Creación de “parques viales”: Pequenos “circuitos urbáns” que imiten viales de circulación e onde os máis pequenos poidan practicar coas súas bicicletas, e axudados por un monitor, situacións que se atoparán máis adiante á hora de moverse pola cidade.



Plan coordinador de transporte nocturno para cidades: Implantación de transporte público nas zonas de ocio nocturno. Sistema do tipo “noitebús” pero con unha implantación masiva e unha verdadeira política de información que permita ós usuarios coñecer os itinerarios así como os horarios e paradas.



Resinalización de viales e cruces: En moitas ocasións o exceso de información materializado en forma de numerosísimas sinais resulta contraproducente. É necesario unificar criterios e reducir o número de sinais nestes casos.



MEDIO AMBIENTE

Hoxe por hoxe, a xuventude ten unha sensibilidade especial no tocante á preservación do medio natural. Isto manifestase en grande medida no feito de que é desde este sector da sociedade desde onde se esixe máis eficiencia, máis medios, máis concienciación e máis responsabilidade. O papel que os xóvenes van a ter no futuro e ten xa no presente é fundamental de cara a preservar a paisaxe española. Por iso, NN.XX. de Galicia considera fundamental que as seguintes propostas se leven a cabo:



Utilización de leds (diodos de luz): En semáforos e alumeados de edificios públicos. Este tipo de iluminación ten unha maior duración ó tempo que diminue o consumo e os residuos que provoca. Poderíanse utilizar placas solares para complementar o consumo deste mobiliario urbán e non depender unicamente do suministro. A súa utilización masiva abarataría o seu prezo e posibilitaría un futuro uso doméstico.



Pilas de hidróxeno: Como combustible dos transportes públicos acadando cero emisións xa que só desprenden H₂O. Aproveitando os picos de enerxía (non aproveitados ata agora) das enerxías renovables de cara á súa elaboración e recarga.





Investigación e desenvolvemento de células de combustible: teñen como función substituír as actuais baterías (de móbiles, portátiles...) xa que presentan unha vida útil moito maior e son menos contaminantes ó non conter materiais tóxicos (unha soa carga permite un mes completo co teléfono encendido).





Difusión das especies autóctonas: Propoñemos unha campaña denominada “Un escolar, unha árbore” e “Un universitario, unha árbore”. O primeiro paso para a concienciación medioambiental dos xóvenes empeza por implicalos na riqueza paisaxística. Estas accións de repoboación non deben centrarse só nas especies vexetais, sinón tamén das animais.





 **Crear novas campañas de concienciación de aforro de auga e de reciclaxe.** Aínda que o sector máis xoven da sociedade suele ser o que máis mira por estas accións, tamén é certo que o recordalas periódicamente axuda a que se leven a cabo. Deberíanse estender estas campañas non só ó sector mozo, senón tamén ás persoas maiores, facendoas específicas, xa que as formas de achegar esta mensaxe a distintas idades non son as mesmas.


 **Fomento das Enerxías Renovables.** Neste aspecto, a experiencia que en Galicia se adquiriu no goberno do Partido Popular de Galicia debe ser unha base firme para fomentalos parques eólicos ou as células solares.


 **Creación dun Plan Nacional de Incendios.** A necesidade deste plan vese acentuada cando observamos as consecuencias da falla de organización que o actual goberno tivo, implicando a morte de membros das cuadrillas (como foron os casos de Guadalajara, Huelva) ou, máis cerca de NN.XX. de Galicia, as máis de 100.0000 hectareas queimadas o verán de 2006 unido ós 4 civís perecidos.


 **Reparación das balsas de recollida de auga dos bombeiros.** En moitas ocasións a loita contra o lume vese freado pola falta de medios dos profesionais. A distancia entre as balsas de auga ralentiza o traballo, por iso, ademais de reparar as xa existentes propoñemos a creación de novas en puntos estratégicos.


 **Limpeza de montes e camiños.** A través de cuadrillas contratadas permanentemente, que se ocuparían non só da limpeza, senón tamén da vixiancia do monte, o que facilitará a extinción dos conatos. Complementaríase coa participación de voluntarios (a través dun servizo de Voluntariado Verde, creado para tal efecto), asegurando as condicións de seguridade para os mesmos.


 **Crear un proxecto de lei de limpeza de montes.** Distinguiríamos dous tipos de monte: o monte público, do cal se ocuparía ó 100% a administración, e o monte comunal e privado, da limpeza do cal se ocuparían os propietarios (percibindo estes algún tipo de axuda) ou, no seu defecto, a administración. Neste caso, o Goberno tería a potestade de aproveitar a biomasa xerada no proceso.


 **Utilización de papel electrónico.** Para substituír os anuncios de papel. Esta iniciativa estase a levar a cabo nalgúns dos países máis avanzados tecnoloxicamente, como pode ser o caso de Xapón.


 **Ampliación da rede natura.** Mediante a creación de novos parques naturais en zonas pouco accesibles, de maneira que a man do home non interfira neles. Desta maneira tampouco molestaría os núcleos rurais e urbáns. Tamén se poderían unir á rede natura espazos xa protexidos. Xa era un compromiso do PPdeG o subir a porcentaxe desta rede ó 15%, compromiso que seguimos a manter.

 **Programas de concienciación a empresas e cidadáns.** Incluiría o establecemento de rankings públicos medioambientais que implicarían incentivos ás máis respetuosas e sancións ás menos.

 **Construcción de novas EDAR (Estacións Depuradoras de Augas Residuais).** Ademais da posta en marcha das que xa están feitas pero aínda non están operativas.

 **Subvencións a empresas para instaurar células solares.** Aforrarían enerxía e suporían tamén un aforro económico para as mesmas.

 **Compromiso da administración a facer o maior número de xestións a través dos rexistros electrónicos.** Como medida para aforrar papel e dar exemplo á sociedade. Asímesmo, aquelas que non se poidan facer informatizadas deberíanse levar a cabo con papel reciclado.

 **Creación de acuíferos artificiais.** En parques e xardíns, naquelas zonas de España onde o chan, polo arcilloso, non permita unha drenaxe sinxela a acuíferos subterráneos, como pasa en Galicia. Sería unha maneira intelixente de reciclaxe de auga.




Limitación de fábrica da velocidade máxima dos vehículos non especiais a 150 Km/h. Reduciríase o nivel de emisións de CO2 ó ambiente, á par que se favorecerá a redución de accidentes, ademais de obrigar ás constructoras a innovar en outros aspectos do vehículo, como pode ser seguridade e confort.





EMPREGO

Máis emprego estable e de calidade, atendendo especialmente ó mundo rural. Incentivos ós mozos emprendedores. Programas mixtos de formación e emprego. Igualdade real á hora de acceder ao mundo laboral.


Son metas ás que Novas Xeracións non renuncia para a mocidade. Loitaremos para que os mozos poidan conciliar a vida laboral coa personal e familiar. Estas son as nosas propostas:


 **Axudas e subencións ás PYMES:** Para a instalación de duchas, baños e taquillas femininas, xa que moitas empresas pequenas prefiren non contactar mulleres ó ter que correr elas cos gastos de adaptación destes espazos.


 **Conciliación da vida familiar e laboral:** Mediante mecanismos como os comedores escolares ou aumento de prazas nas garderías (que poderían situarse no mesmo centro de traballo no caso das grandes empresas).


 **Axudas para a contratación de empregadas de fogar:** Para parellas traballadoras menores de 35 anos con fillos ó seu cargo.


 **Apoio ás asociacións e entidades privadas:** Que xeneren prazas de gardería e ludoteca para os menores de 12 anos.


 **Subencións dos gastos de xestión:** Para mozos emprendedores durante o primeiro ano de creación da súa empresa.


 **Achegar ós mozos a novos campos de formación:** Acadar unha máis ampla e diversa formación continua de traballadores, en relación a áreas como: novas tecnoloxías, prevención de riscos, produtividade, autoemprego, ferramentas de comunicación, creatividade e liderato, motivación, traballo en grupo e multidisciplinar, etc.


 **Supresión do IBI:** Para os locais de mozos autónomos no seu primeiro ano de actividade.


 **Eliminación das taxas de licencia de obra e actividade:** Fomentando deste a iniciativa de emprego entre os máis mozos.


 **Discriminación positiva dos mozos:** No plan fiscal, na adquisición de solo industrial e no acceso a axudas dende as administracións.

 **Creación dun banco de datos:** Ó que poidan ter acceso as empresas facilitando a inserción laboral dos mozos titulados.


 **Apoio a xóvenes do rural que desenrolan oficios tradicionais:** Que queiran facer da agricultura, a gandería ou a pesca o seu modo de vida.


 **Acadar o pleno emprego:** Rebaixando ó mínimo o paro deminino e facilitando o horario flexible ou reducido.
Diminuir a precariedade laboral incentivando a contratación estable cunha mellor fiscalidade e propiciando ó paso dos contartos temporais a fixos.


 **Aumento de número de contratos para investigadores:** un desenvolto acorde co futuro do noso país implica a necesidade de apostar claramente pola investigación.

 **Maior implicación da Administración** no estudo sociolóxico do país a través de mellores condicións contractuais ós investigadores de ciencias sociais.

 **Renovación dos centros de investigación e creación de novos institutos tecnolóxicos.**


 **Axudas para mozos emprendedores:** axudas os mozos que presentan proxectos viables e innovadores para establecerse nos polígonos industriais


 **Prácticas “obrigatorias” nas Universidades Públicas.**


 **Recuperación de planes de inserción laboral:** Plans como o Plan labora contribuen a inserción dos mozos no mundo laboral.


VIVENDA

Os tempos cambian, as sociedades mudan e a unidade familiar moderna nada ten que ver coa que coñeciamos hai uns anos. Os problemas ós que se enfrontan os mozos na actualidade á hora de emanciparse non son os mesmos que os dos seus pais. Xorde a necesidade de plantexar novas respostas para interrogantes que antes non tiñamos. Novas formas de vivir e compartir, novas axudas e incentivos, en definitiva novas solucións, poderían contribuir a paliar un problema que nos afecta a todos os xoves hoxe en día.


 **Censo de vivendas desocupadas:** Plans de recuperación de vivendas desocupadas (axudas para rehabilitación de vivendas antigas) que poidan ser ofrecidas en réxime de aluguer ós máis mozos.


 **Elaboración de programas de vivenda compartida:** Hoxe en día moitos mozos comparten a súa vivenda polo que se fai preciso unha bolsa de vivendas que poidan alugarse por habitacións e durante un periodo de tempo reducido (unha semana por exemplo, como ocorre noutros países europeos) xa que moitos mozos se desprazan temporalmente por motivos laborais.


 **Bolsas de vivendas de aluguer para estudantes:** Xestionadas dende a propia universidade facilitarían o traballo dos alumnos á hora de atopar unha vivenda na cidade onde cursan os seus estudos.

 **Incentivar o mercado de vivendas en aluguer:** Reducindo trabas burocráticas e axilizando os procesos de desahucio por incumprimento de contrato.

 **Axudas directas para o aluguer destinadas a parellas mozas.**


 **Unha bolsa de aluguer efectiva:** Que controle o fraude mediante visitas periódicas.


 **Vivendas sociais de propiedade compartida:** Entre a administración e os mozos. Rehabilitación de vivendas en cascos históricos para aluguer.


 **Recuperación da Hipoteca Xove:** Ou plans similares que sirvan de axuda para a adquisición de vivenda libre.

 **Axudas para empresas que promovan vivendas de aluguer.**


 **Mellorar a fiscalidade dos rendimentos procedentes de vivendas arrendadas.**

 **Reserva dunha porcentaxe de solo:** Para mozos menores de 35 anos nas promocións públicas de vivenda.

 **Cesións de solo público:** Solares de titularidade estatal destinados á promoción de vivendas para xóvenes que se poidan ir alugando de xeito rotativo e a baixo custe.

 **Incremento das actuais deducións fiscais en vivenda:** Para mozos menores de 30 anos.

 **Elevar o umbral de axudas para mozos:** En base ó plan de cada comunidade.

 **Eliminación do IBI para menores de 35 anos:** Que adquiren a súa primeira vivenda durante os primeiros cinco anos.


 **Subencións na compra de electrodomésticos e mobiliario para a nova vivenda.**


ENSINO


Novas Xeracións ten o obxectivo de lograr un ensino mellor e máis eficaz que responda ás novas necesidades xurdidas nos últimos anos.


Adquirimos o compromiso de traballar cara un sistema educativo que garanta a formación de calidade que os mozos merecen.


As nosas propostas baseáanse na necesidade de implicar a todos os sectores da sociedade nunha labourea que nos ataíña a todos.


 **Interacción paritaria do galego e castelán** como línguas de aprendizaxe na etapa primaria da docencia.


 **Posibilidade do alumnado para escoller** a lingua na que desexe realizar os exames, non sendo naquelas materias cursadas un idioma específico.


 **Ensino obrigatorio dun segundo idioma** extranxeiro sexa cal sexa a opción escollida no bacharelato.


 **Apertura os sábados dos centros educativos** co fin de que o alumno dispoña de zonas de estudio así como de instalacións para o desenrolo de actividades deportivas.


 **Posta en marcha de actividade educativa** dirixida a alumnos de primaria e secundaria durante os meses de verán para reforzo formativo.

 **Existencia dun reforzo extraescolar gratuito** para aqueles alumnos que teñan dificultades para superar os obxectivos mínimos das materias cursadas.


 **Facilitar o intercambio** de alumnos con centros no exterior co obxectivo de potenciar o idioma e o enriquecemento multicultural.


 **Por en marcha medidas que reforcen o nivel educativo** dos estudantes, como non permitindo o pase de curso a alumnos con máis de dúas asignaturas suspensas.


 **Aumentar a dotación orzamentaria nas novas tecnoloxías**, concertando a creación de novas aulas informatizadas nos centros e prestando facilidades económicas ós alumnos que teñan dificultades para adquirir un ordenador propio.

 **Crear e potenciar ferramentas** que faciliten ós alumnos o dominio das novas tecnoloxías, mecanografía informática, dominio de paquetes ofimáticos...

 **Mellora e fomento de contratos postformativos** tanto a universitarios como a alumnos de ciclos formativos.

 Posta en marcha dun proxecto de **formacións a distancia** para a adquisición de títulos oficiais **non universitarios** dirixidos a aqueles xóvenes que concilian vida laboral-formativa ou persoal-formativa.


 **Actividades dirixidas á xente maior (+de 50 anos)** do medio rural co obxectivo dunha millor preparación dos coñecementos mínimos exixidos (lectura e escritura, manexo básico dun ordenador).


 **Mellora dos equipamentos e usos das bibliotecas** (principalmente un plan de acondicionamento das zonas rurais) como instrumento entre o cidadán e a formación.

BENESTAR E IGUALDADE


Se algo diferencia a uns partidos de outros é a sensibilidade que aporten ó tempo de facer da igualdade e do benestar social o principal obxectivo dos seus proxectos.


Novas Xeracións considera fundamental nun país como España, dar prioridade a dous principios básicos nunha sociedade comprometida cun mundo millor, a igualdade de todos e todas e o benestar social para todos deberá ser o fin ó que destinar os nosos esforzos.

 A elaboración dun **programa de integración ó inmigrante** onde se lle asesore acerca de cómo encontrar traballo en aquilo no que desexen.


 **Fortes campañas de concienciación** co fin de erradicar as enfermidades do século XXI: anorexia e bulimia


 Medidas concretas para **mellorar a conciliación da vida laboral e familiar** para aquelas nais con fillos ó seu cargo.


 **Subvencionar cursos en política social e de igualdade** co fin de especializar o coñecemento dos profesionais do sector.


 **Incremento do presuposto destinado á financiación de Organizacions No Gubernamentais de Desenrolo (ONGD'S)**. Creando fondos especiais para a Solidariedade Internacional e a Axuda ó Desenrolo.

 **Impulsala figura dol voluntario solidario** convalidando as suas horas con créditos na ensinanza o con horas cotizadas na Seguridade Social


 Pontenciala **educación para adultos** naquelas materias nas que teñan maior dificultade de acceso como poden ser os idiomas ou as novas tecnoloxías.


 Convertir ó noso país nunha **España sen barreiras** onde, partindo das cidades, poidamos asemellar ó máximo o terreo para que os discapacitados dispoñan dunha maior facilidade de mobilidade

 O **vivir no rural** non debe supor en ningún dos casos unha dificultade para acceder ó mundo globalizado hacia o que camiñamos. Alí debe residir o mellor dos servizos dos que dispoña a administración ou, polo contrario, un sistema de transporte que lle permita acceder a elas nas mesmas condicións que aqueles que viven nas urbes.

 **Protección da familia** con axudas para a adquisicións de bens de primeira necesidade.

 Estimular e garantir a **plena autonomía social e económica da muller**

 A **violencia de xénero** e a mala convivencia no fogar provocan nos fillos trastornos psicolóxicos que dende a administración deben intentar eliminar co fin de que o que poida ver o neno nesa casa non se repita en xeracións posteriores.

 Co fin de que se produza unha equidad horizontal entre as Comunidades Autónomas creárase unha **comisión interrexional** na que se poidan intercambiar políticas de igualdade e crear programas conxuntos co fin de melloralas e facer que estas produzan na sociedade española.